

Sintaxe: a frase

1. Relación frases – funcións oracionais [NOTA: adoita distinguirse a fn (con DET – NOM) da fsubst (con NÚC – MOD)]

	SUX	N PDO	CD	CI	ATR	SUPL	PDTV	CC
f.n.	O can come		Colle o can		Ela é médica		Elixírono delegado	Chega esta tarde
f.adx.					Ela é forte		Chagou cansa	
f.adv.					Ela está ben			Chega cedo
f.prep.			Lévaio a el	Dálle a el	Ela é de Ames	Conto con vós	Traballa de chofer	Chega ás doce
f.verb.		O can come						

2. Pasos e criterios para a análise

Funcións no nivel da frase					Funcións oracionais		
Identificar os grupos de palabras	Identificar a categoría das palabras	Identificar as palabras centrais (=N), agás os grupos con prep.	Sinalar DET e MOD conectados cos N (en distintos niveis, se os hai)	Sinalar REL (prep.) e TERM (normalmente unha fn) nas f.prep.	Identificar o verbo principal (se hai varios)	Localizar o grupo que concorda con el (=SUX)	Identificar o resto dos Complementos (CD, CI, CC, SUPL...)

Funcións na frase		
[DET] (fn)	N (fn: subst/pr.) (fadx: adx) (fadv: adv) (fverb: verbo)	[MOD] (calquera tipo de frase)
REL - TERM (fprep)		

Podes ter apoio en linguakit.com/gl/analizador-sintactico

Estas rapazas sempre foron moi espelidas no ensino primario

(dem.) (subst) (adv) (vbo) (adv) (adx) (prep.+art) (subst) (adx)

DET N N N MOD (fadv) N REL TERM (fn con DET + N + MOD)

SUX (fn) CCT (fadv) NPDO ATR (fadx) CCL (fprep)

FUNCIÓNS en maiúsc.
unidades en minúsc.

As rapazas máis espelidas do instituto son estas

(art) (subst) (adv) (adx) (prep.+art) (subst) (vbo) (dem)

[[----]] [-----]

DET N

REL TERM (fn)

MOD (fadv) N MOD (fprep)

DET N MOD (fadx)

SUX (fn)

LEMBRA

As frases complexas conteñen dentro de si outras frases (e mesmo oracións: **A rapaza que chegou agora é miña curmá**)